

## Anuncio

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de **“PROFESOR/A DE TROMBÓN 30% DA XORNADA COMPLETA”**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“PROFESOR/A DE TROMBÓN 30% DA XORNADA COMPLETA”** funcionario de carreira.

Vista a base reguladora 14.4 e 14.5, que sinalan **“(…)14.4. Resolución de Alcaldía da relación definitiva de aspirantes propostos polo Tribunal e orde de aspirantes non seleccionados.**

*A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de seleccionados, na que constará o aspirante ou aspirantes seleccionados, en base á proposta do Tribunal. Esta resolución conterá tamén a orde de aspirantes non seleccionados para conformar a lista de emprego establecida nas presentes bases.*

#### **14.5. Publicación da Resolución de Alcaldía.**

**A Resolución de Alcaldía será publicada no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal [www.viveiro.es](http://www.viveiro.es), no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia..”**

Tendo en conta a proposta do Tribunal data 08 de agosto de 2024, na que literalmente di: “(…)

#### **A) BAREMO DE MÉRITOS (Base Xeral 12) :**

*O Tribunal designado por Resolución de Alcaldía de data 11 de abril de 2024, realiza as valoracións da fase de concurso ao respecto dos/das aspirantes admitidos/as, e outorga por unanimidade as seguintes puntuacións e cualificacións finais:*

APELIDOS E NOME	MESES A1	MESES A2	MESES A3	MESES A4	MESES A5	TOTAL EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL OUTROS MÉRITOS	TOTAL PUNTUACIÓN
GÓMEZ NAVAL MATEO	25	0	0	0	0	5,500	20,000	* 25,500
MONTERO PENA RUBÉN	11	0	0	0	0	2,420	11,500	13,920

\* Acadada a máxima puntuación, segundo as bases, constando máis méritos aportados nese apartado.

**B) CUALIFICACIÓN DEFINITIVAS (Base Xeral 13) :**

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	GOMEZ NAVAL MATEO	25,500
2	MONTERO PENA RUBÉN	13,920

**C) RELACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS E PROPOSTA DO TRIBUNAL (Base Xeral 14.1)**

Á vista das cualificacións outorgadas, o Tribunal, por unanimidade, formula proposta de selección ante a Alcaldía a favor de **D. MATEO GÓMEZ NAVAL** para a cobertura de unha praza de **“PROFESOR/A DE TROMBÓN 30% DA XORNADA COMPLETA”** no Concello de Viveiro, como funcionario de carreira ao obter a maior cualificación final.

**D) ORDE DE ASPIRANTES NON SELECCIONADOS (Base Xeral 14.3)**

Á vista do establecido na Base Xeral 14.3 o Tribunal, por unanimidade propón establecer a seguinte orde de aspirantes presentados e baremados que non resultaron seleccionados, para a súa incorporación nunha lista de emprego co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do TREBEP, para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, segundo se establece nas presentes bases.

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	MONTERO PENA RUBÉN	13,920

O Tribunal eleva esta proposta á Alcaldía, no seu caso, para a súa Resolución de aprobación e publicación no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal [www.viveiro.es](http://www.viveiro.es), no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, e no Boletín Oficial da Provincia....”

Vista a base xeral 15, que di:

**“15. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

As persoas seleccionadas para cubrir as prazas vacantes, deberán presentar a documentación acreditativa mediante copia auténtica (segundo o artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou, se é o caso, orixinais, que acrediten os seguintes requisitos esixidos na base xeral 4 e nas bases específicas, que non fosen acreditados coa solicitude de participación.

**15.1 Documentos a presentar:**

O/A aspirante ou aspirantes seleccionados presentarán os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

- Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.
- Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Declaración responsable actualizada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Copia da tarxeta da Seguridade Social.

*e) Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.*

*f) Certificado de delitos de natureza sexual para aquelas prazas nas que sexa obrigatorio segundo a normativa vixente.*

#### **15.2. Prazo de presentación.**

*As persoas seleccionadas disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles para presentar os documentos enumerados no párrafo anterior, contados a partir do seguinte a publicación da Resolución de Alcaldía da relación definitiva de aspirantes seleccionados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.*

#### **15.3. Lugar de presentación.**

*A presentación da documentación farase no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro, en horario de atención ao público, de nove a catorce horas de luns a venres.*

*As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, da LPACAP, tendo en conta que os documentos presentados deberán ser orixinais ou copia electrónica auténtica. Se a solicitude se presentase nas oficinas de correos, farase de acordo co artigo 31 do Real decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servizos postais.*

#### **15.4. Falta de presentación de documentos.**

*Se o/a aspirante ou aspirantes seleccionados non presentasen os documentos mencionados no punto 15.1 dentro do prazo indicado, salvo en caso de forza maior que deberá xustificar en devandito prazo, ou deles deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeados ou contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen haber incurrido por falsidade nas súas solicitudes de participación, procedéndose ao chamamento a favor do seguinte aspirante con maior puntuación acadada no proceso, ditándose Resolución da Alcaldía ao efecto outorgando un novo prazo de vinte días hábiles ao seguinte aspirante con maior puntuación.*

*Da mesma forma procederase en caso de renuncia do aspirante ou aspirantes seleccionados...*

#### **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta de 15 de abril de 2024, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

**SEGUNDO.-** Aceptar a proposta do Tribunal a favor de D. Mateo Gómez Naval, como **aspirante seleccionado**, para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “ **PROFESOR/A DE TROMBÓN 30% DA XORNADA COMPLETA**” (EC2-/072) na Escala Administración Especial, Subescala Técnica.

De conformidade co disposto na base 15, a persoa seleccionada deberá presentar no prazo de 20 (vinte) días hábiles contados a partir da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, a documentación establecida na base 15.1, que di:

#### **“15.1 Documentos a presentar:**

*O/A aspirante ou aspirantes seleccionados presentarán os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:*

*a) Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.*

*b) Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*

*c) Declaración responsable actualizada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*

*d) Copia da tarxeta da Seguridade Social.*

*e) Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.*

*f) Certificado de delitos de natureza sexual para aquelas prazas nas que sexa obrigatorio segundo a normativa vixente...”*

**TERCEIRO.-** Aceptar a proposta do Tribunal como lista de emprego, ao abeiro da base 14 das Bases xerais e específicas da convocatoria, sendo a lista de emprego a seguinte:

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	MONTERO PENA RUBÉN	13,920

**CUARTO.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, e no Boletín Oficial da Provincia.

**QUINTO.-** Dar traslado da presente Resolución ao Departamento de Persoal, Intervención e Tesorería.

Contra a presente resolución, por tratarse dun acto de trámite cualificado, pode interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte desta publicación, ante a PRESIDENTA- ALCALDESA deste Concello de Viveiro, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou fora producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen perxuício de que poda exercitar calquer outro recurso que estime pertinente.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 8 de agosto de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante mín, O Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 2455

### Anuncio

Publícase anuncio da proposta do Tribunal nomeado para o proceso selectivo para a cobertura dunha praza de “PROFESOR/A DE VIOLONCHELO 30% XORNADA COMPLETA” que foi elevada a esta Alcaldía como resultado do proceso selectivo.

**PROPOSTA DO TRIBUNAL RELATIVO AOS PROCESOS SELECTIVOS EXCEPCIONAIS QUE SE CONVOCAN PARA O INGRESO EN PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA OU PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE VIVEIRO, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 - TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª E 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO), COTA XERAL, SISTEMA CONCURSO, ACCESO LIBRE, EN RELACIÓN CO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE UNHA PRAZA DE “PROFESOR/A DE VIOLONCHELO 30% DA XORNADA COMPLETA” FUNCIONARIO DE CARREIRA.**

#### A) BAREMO DE MÉRITOS (Base Xeral 12) :

O Tribunal designado por Resolución de Alcaldía de data 11 de abril de 2024, realiza as valoracións da fase de concurso ao respecto dos/das aspirantes admitidos/as, e outorga por unanimidade as seguintes puntuacións e cualificacións finais:

APELIDOS E NOME	MESES A1	MESES A2	MESES A3	MESES A4	MESES A5	TOTAL EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL OUTROS MÉRITOS	TOTAL PUNTUACIÓN
SANTIAGO GARCÍA FERNANDO	22	0	0	0	0	4,840	19,350	24,190
VÁZQUEZ RAMOS SABELA	16	0	0	0	5	4,220	6,850	11,070
REPESAS CATALÁN ANA	0	0	0	0	0	0,000	0,000	0,000

\* Acadada a máxima puntuación, segundo as bases, constando máis méritos aportados nese apartado.

#### B) CUALIFICACIÓN DEFINITIVAS (Base Xeral 13) :

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	SANTIAGO GARCÍA FERNANDO	24,190